

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES IMPRESCINDIBLES

6º CURSO DE PRIMARIA

MATEMÁTICAS

- Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.
- Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras e utiliza os números negativos en contextos reais.
- Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
- Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
- Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
- Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
- Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
- Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas

RELIXIÓN

- Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
- Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.
- Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.
- Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.
- Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos .
- Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.
- Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.
- Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación ,a Orde e o Matrimonio.
- Sinala e explica os principais signos pascuais.
- Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao se atoparen co Resucitado.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida
- Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións)
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
- Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias e identifica o tema.
- Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais
- Resume e realiza entrevistas, reportaxes, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.
- Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
- Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.
- Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento da mesma.
- Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.
- Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
- Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.
- Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas produción.
- Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso do gozo persoal.

CIENCIAS SOCIAIS

- Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
- Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan
- Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
- Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
- Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.
- Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
- Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.
- Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.
- Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

CIENCIAS NATURAIS

- Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
- Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, reprodutor, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
- Identifica as características, as relacións e clasifica os seres vivos: reino animal, reino das plantas, reino dos fungos e outros reinos.
- Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica, química e magnética.
- Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado da materia e a súa reversibilidade.

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

- Comprende textos orais, de xeito global: instrucións e informacións sinxelas de temas familiares (escola, familia...)
- Identifica o tema dunha conversación cotián sinxela e comprende as ideas principais de presentación sobre temas do seu interese (deporte, música...) axudada/o por imaxes ou ilustracións.
- Fai a nivel de expresión oral, presentacións, descricións, da informacións, instrucións, expresa gustos e opinións, previamente traballados, sobre temas cotiáns ou do seu interese, coa pronuncia e entoación comprensible.
- Participa en conversas nas que se establece contacto social.
- Comprende a nivel escrito instrucións, indicacións, informacións básicas en diferentes lugares e formatos, correspondencia (sms, e-mails...), descricións e localiza información específica en material informativo sinxelo como horarios, menús...
- Comprende o esencial de noticias e artigos breves a nivel escrito, familiares ou do seu interese (música, deporte...) e de historias sinxelas (lecturas adaptadas, cómics...)
- Completa un breve formulario ou ficha.
- Escribe correspondencia persoal breve e simple na que da as grazas, felicita, fai unha invitación, da instrucións, fala de si mesmo, da súa contorna inmediata e fai preguntas empregando os signos ortográficos básicos e símbolos de uso frecuente, de forma axeitada.
- Entende e intercambia información esencial en conversas sinxelas nas que participa sobre temas familiares ou se dan instrucións sinxelas e desenvólvese en transaccións cotiáns (pedir algo nun establecemento ou preguntar o prezo).
- Compara aspectos lingüísticos e culturais das dúas linguas a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas relacionadas coas festividades propias e europeas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Coñece e valora a propia persoa coas súas características, posibilidades e limitacións.
- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.
- Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas
- Utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.
- Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- Respecta as regras durante o traballo en equipo e respecta as normas do centro escolar.
- Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.
- Valora e respecta a libre expresión.
- Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.
- Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Utiliza a roupa, o calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Comprende a importancia para a saúde duns correctos hábitos de alimentación, de hixiene corporal e postural e de exercicio físico practicado de xeito regular e seguro.
- Soluciona conflitos de xeito razoable, recoñecendo as condutas inapropiadas na práctica da E.F.
- Interésase por mellorar as destrezas das actividades pre-deportivas propostas no curso anterior, así como por coñecer e adquirir outras novas.
- Toma parte con interese e respecto polas normas en calquera tipo de xogo, aceptando os diferentes niveis de destreza e evitando calquera tipo de discriminación por razóns sociais, culturais, relixiosas, etc.
- Valora a súa participación en competicións (atletismo divertido, duatlón, carreira solidaria, de orientación...) independentemente do resultado obtido.
- Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento en diferentes actividades físicas artístico expresivas individuais ou colectivas.
- Ten interese en mellorar a súa competencia motriz (coordinación, equilibrio, habilidades motrices e capacidades físicas básicas) en contornas habituais e non habituais.
- Demostra autonomía e confianza, resolvendo problemas motores eficazmente, con espontaneidade e creatividade.
- Recoñece as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos e deportes populares e tradicionais, colectivos, individuais, cooperativos, competitivos, alternativos e actividades na natureza.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

MÚSICA

- Identifica, clasifica e describe as calidades do son utilizando un vocabulario preciso.
- Distingue auditivamente tipos de voces, instrumentos, variacións de contrastes, velocidades e intensidades e emite valoracións sobre elas.
- Coñece e valora o patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Interpreta composicións sinxelas mediante a voz ou instrumentos utilizando a linguaxe musical e valorando as manifestacións propias e alleas.
- Explora e utiliza as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Identifica o corpo como instrumento de expresión e comunicación participando de forma activa na produción e creación de danzas.

PLÁSTICA

- Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.
- Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
- Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
- Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
- Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións,

manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.

- Experimenta con texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos con creatividade e soltura. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado, o pegado ou o cosido de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
- Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións facendo uso da regra e o compás con fins expresivos.
- Recoñece, respecta e valora algunhas das manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, especialmente as que foron declaradas patrimonio da humanidade
- Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.